



SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS II

Carga horaria: 3h. Departamento: Lingua Galega e Literatura

A competencia en linguas estranxeiras é fundamental nun mungo globalizado no que persoas de diferentes culturas establecen relacións de tipo persoal e laboral. Ademais, a competencia lingüística en português favorece a comunicación con varios millóns de persoas.

1. Elixo esta materia se queres:

- Aprender idiomas
- Expresarte correctamente a nivel escrito e oral en lingua portuguesa.
- Comprender textos escritos e orais dos distintos países de fala portuguesa.
- Practicar a lingua oral na aula cunha profesora do Camões
- Presentarte ás probas do nivel B1 do Camões sen saíres do teu instituto, recoñecido a nivel internacional.
- Poderte comunicar con 270 millóns de persoas que teñen o portugués como idioma nativo.
- Viaxar a países de todos os continentes: Portugal, Brasil, Cabo Verde, Angola, Mozambique, Guiné-Bissau, Timor...
- Mellorar, ao tempo que aprendes portugués, a túa lingua propia: o galego.

2. Bloques de contido

- Comprensión e expresión escrita a partir de textos de actualidade.
- Comprensión e expresión oral a través de documentais, filmes, música...
- A lingua portuguesa e Galiza: a relación entre a nosa lingua e a portuguesa
- A lingua portuguesa no mundo: a lingua portuguesa no Brasil, Angola, Mozambique...

Poderás acceder aos contidos na Aula Virtual do Centro.

3. Que e como se avalía?

Ao se tratar dunha materia de 2º de Bacharelato e ser optativa nas ABAU, a avaliación vai ligada ás probas ABAU e mais ao traballos propostos na aula. Esta materia ten un carácter moi práctico polo que o traballo e a participación na aula será un dos principais instrumentos de avaliación. As probas obxectivas terán como obxectivo traballar as competencias activas e pasivas, tanto a nivel escrito como oral.

Así mesmo, o alumnado que o desexe poderá presentar tarefas optativas que serán sumadas á súa cualificación unha vez acadado o 4 na avaliación.

[Máis información](#)